

## MATERIAL

### LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

**(Cooperativa escolar: 60€):** Entrega na reunión informativa que terá lugar o día **5 de setembro** (estar pendentes da páxina web do centro nos primeiros días do mes).

### ROUPA

\***Marcar** o mandilón, chaquetas, gorras, cazadoras,... co seu nome en **MAIÚSCULAS**.

\*Roupa cómoda para a autonomía no baño (pantalóns ou chándales con gomas, sen tirantes ou cintos).

\*Poñer unha cinta para colgar no percheiro.

\*A mochila será pequena e de colgar nas costas. **NUNCA CON RODAS**.

\*Calzado con velcros, non con cordóns.

### MANDILÓN:

\*Será de cor **AMARELA** (liso, de raias, cadros,...)

\*Con botóns e os ollais de cores que se correspondan.

\*Os botóns por diante.

\*Marcado (pintado, bordado,...) co seu nome escrito en **MAIÚSCULAS** nun lugar visible na parte de diante.

\*Se teñen puños serán substituídos por gomas.

TODO ISTO É POSIBLE SI  
COLABORAMOS XUNTOS

ESCOLA E FAMILIA



BO VERÁN!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "A SOLAINA"  
R/CARDENAL CISNEROS S/N  
15570 NARÓN-A CORUÑA  
TLF/FAX 881930373/881930374  
E-MAIL [ceip.asolaina@edu.xunta.gal](mailto:ceip.asolaina@edu.xunta.gal)  
NIF Q-6555187-A



EDUCACIÓN INFANTIL

**CEIP A SOLAINA**  
**CURSO**  
**2024-25**



**INFORMACIÓN**  
**PARA AS**  
**FAMILIAS DOS**  
**ALUMNOS/AS DE**  
**NOVA**  
**INCORPORACIÓN**

**4º EDUCACIÓN INFANTIL**



# ORIENTACIÓNS PARA A ESCOLARIDADE

## QUERIDOS PAIS E NAIS

Ir á escola é un paso moi importante na vida do seu fillo/a, por iso queremos felicitalos por elixir o noso centro para desenvolver a aprendizaxe dos vosos pequenos e pequenas.

Escola e familia temos unha responsabilidade conxunta e por iso vos achegamos unhas suxestións que teñen como finalidade axudar aos vosos fillos/as na súa adaptación á escola.

## PAPÁ E MAMÁ, ESTE VERÁN...

\*para vir ao cole é imprescindible que teña adquirido o control de esfínteres e non empregar cueiro.

\* deixádeme xogar con outros nenos e nenas que estarán comigo na escola.

\* ensinádeme hábitos básicos relacionados co aseo, vestido e alimentación, ir só/soa ao servizo, beber auga, lavarme as mans...

\* axustádeme, na medida do posible os meus hábitos de sono e comida ao horario escolar que terei o próximo curso.

\* faládeme do colexio coma un lugar bo de aprendizaxe e divertimento.

\* axudádeme a ser autónomo!

## QUE FAREI NA EDUCACIÓN INFANTIL?

\*Aprenderei a descubrir como son. Nenos e nenas somos iguais.

\*Farei cousas por min mesmo e sentireime cada vez máis seguro.

\*Coñecerei a moitos nenos e nenas e fareime o seu amigo/a.

\*Sentirei curiosidade polo que hai e polo que sucede na miña contorna.

\*Axudarei, colaborarei e respectarei aos demais (mestras/es, compañeiras/os).

\*Participarei nas festas e conmemoracións do colexio.

\*Coñecerei e utilizarei, con creatividade, diversas formas de expresión artística.

\*Aprenderei a expresar vivencias reais ou imaginadas a través do xogo, dramatizacións, debuxos,...

\*Falarei cos demais e escoitarei. Fareime entender e entenderei o que me din.

\*Coa axuda da escola adquirirei hábitos:

-De orde e traballo.

-De hixiene e aseo.

-De saúde e alimentación.

-De sono e puntualidade.

## PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Regulado pola Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito período irá **do 11 ao 17 de setembro, ambos incluídos.**

Trátase dunha incorporación gradual do alumnado cuxa planificación comunicárase na reunión do mes de setembro.

### POR QUE É IMPORTANTE?

\*Os nenos/as sepáranse da 1ª figura de apego e a incorporación gradual vai facilitar a integración.

\*Axudálles a axustarse ao horario e asimilar novas rutinas diarias de forma gradual.

### **RECOMENDACIÓNS XERAIS:**

\*Que papá e mamá veñan á escola tranquilos e contentos para que os nenos/as veñan coa mesma actitude.

\*Adaptarase máis facilmente á escola o nenno/a que está afeito a ter **normas (poucas e claras).**

\*A **puntualidade** é un hábito fundamental xa que senon romperá o horario das rutinas e os nenos/as estarán desubicados cando cheguen tarde.

\*Se os nenos/as están enfermos deberedes deixalos na casa para evitar contaxios.

\*As merendas ríxense por un horario pautado que garante a variedade de alimentos saudables.